

Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo:  
balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes




## Estudo de caso da Galiza: Programa PROA e Plan PROXECTA



# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## PROA. Programa de Reforzo, Orientación e Apoio

Dos inicios á situación actual:



**2005** Convenio Ministerio de Educación coas Comunidades Autónomas do estado para o desenvolvemento do Plan PROA.

**2006** Comeza a funcionar o programa.

**2011** Resolución do 26 de maio pola que se regulan con carácter experimental os contratos-programa en Galicia.

**2015** Resolución do 31 de outubro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2014-2015, os contratos-programa con centros educativos e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



## PROA. Programa de Reforzo, Orientación e Apoyo. De que estamos a falar?

- Acción dirixida ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, pobre integración no grupo e no centro, aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais e que por diversos motivos non pode recibir o apoio e reforzo que precisa no seo da súa familia; aínda que exista a vontade de facilitar esta axuda.
- Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar ao estudio e proponer formas de traballo eficaces.
- En cada centro pode haber un ou varios grupos de alumnado destas características, sempre e cando o grupo conte cun mínimo de 10 e un máximo de 15 alumnos/as. A selección do alumnado realizaa o equipo docente baixo a coordinación da xefatura de estudios, co asesoramento do xefe ou xefa do departamento de orientación do centro.



## PROA. Programa de Reforzo, Orientación e Apoyo. De que estamos a falar?

- En liñas xerais, cada grupo está ao cargo dun profesor ou profesora, que realiza o acompañamento fóra do horario lectivo do centro, dous días na semana, en módulos de dúas horas. Este profesor ou profesora é un mestre ou mestra contratado/a da lista de profesorado interino da consellería, ou no caso dalgúns dos centros profesores do propio centro.
- Un profesor ou profesora do centro desenvolve as labores de coordinación entre as partes: profesorado titor, profesor acompañante, alumnado, familias, equipo directivo, departamento de orientación,....
- As familias previamente dan o seu consentimento por escrito á participación dos seus fillos e fillas no programa, considerando a asistencia e permanencia, dalgunha maneira, como un compromiso en firme, do que en gran medida depende o éxito do programa.



# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Que se pretende cos contratos-programa?

Mellorar o **éxito** escolar potenciando a **autonomía** dos centros educativos.

1. Os centros identifican as súas necesidades.
2. Establecen unha proposta de actuacións.
3. Contan co apoio da administración educativa.

## Destinatarios:

Centros educativos públicos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Centros de educación infantil e primaria.
- Centros de educación primaria.
- Centros públicos integrados.
- Institutos de educación secundaria.

## Obxectivos

- Identificar e dar resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe.
- Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Favorecer a atención educativa dos colectivos más vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social.
- Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado nas etapas de ensino obligatorio, poñendo especial atención no desenvolvemento da competencia matemática.
- Reducir a taxa de abandono escolar.
- Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, afondando nos coñecementos dalgún campo de actividade.
- Mellorar a calidade da educación e os niveis de éxito escolar.
- Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Promover a mellora da calidade na xestión dos centros.
- Lograr a colaboración da administración local, dos empregadores e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Actuacións:

1. Reforzo, orientación e apoio (**PROA**).
2. Mellora das competencias clave:
  - a) Competencia matemática
  - b) Competencia en comunicación lingüística
  - c) Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Mellora da convivencia nos centros e da prevención do abandono temperán e do absentismo escolar.
4. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.
5. Mellora da calidade na xestión dos centros.

### Aspectos a desenvolver no programa:


- Razóns que xustifican a actuación, cos datos que procedan.
- Logros que se perseguen e indicadores de medida temporalizados.
- Accións que se pretenden desenvolver e a súa temporalización
- Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de primaria a secundaria, se é o caso.
- Implicación das familias do alumnado, doutras institucións e de empresas, se é o caso.
- Colaboración da administración local e doutras administracións, se é o caso.
- Necesidade de novos recursos que implica a actuación, temporalizados.
- Proceso de seguimento e avaliação interna que se vai realizar de cada unha das actuacións.

## Elaboración do programa.

- ❑ Os centros elaboran un programa onde se concretan as actuacións que se pretenden desenvolver.
- ❑ É realizado polo equipo directivo.
- ❑ Valórase que conte coa aprobación do claustro e do consello escolar.
- ❑ Faise a partires dunha análise DAFO dos procesos que se veñen desenvolvendo no centro.
- ❑ Os centros contan co asesoramento do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa e do Servizo de Inspección Educativa.
- ❑ Dispoñen dunha aplicación informática para a facilitar a elaboración e presentación do programa, así como da memoria que teñen que presentar como parte da avaliación final .

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## A que se comprometen os centros educativos?

- A realizar un seguimento periódico das actuacións contempladas no programa, e presentar documentación xustificativa dos resultados.
- A garantir a participación do profesorado e do equipo directivo en todas as actividades formativas relacionadas co programa.
- A garantir a participación activa do director ou directora e outro membro do equipo directivo nas reunións do traballo en rede que desde a Administración educativa se establezan.
- Á coordinación e cooperación en rede da comunidade educativa para mellorar a calidade do servizo educativo e acadar os obxectivos fixados.
- Á participación activa da comunidade educativa no deseño, aplicación e avaliación das actuacións contempladas no programa.

## A que se compromete a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria?

- A dar apoio aos centros e ao profesorado.
  - Asesoramento, a través dos servizos de inspección educativa.
  - Asesoramento e asistencia de servizos específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tales como persoal, orientación, formación do profesorado e xestión económica, entre outros.
  - Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no programa.
  - Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.
- A difundir as boas prácticas que se desenvolván nos centros educativos.
- A facilitar recursos dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

## Criterios de selección dos programas:

- A concreción e viabilidade dos obxectivos perseguidos, das accións previstas e do proceso de avaliación.
- A coordinación e implicación dos centros adscritos, ou aos que están adscritos, para a transición do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria obligatoria.
- Centros en cuxo contorno sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, entre outros.
- Centros con taxas baixas de éxito escolar.
- Centros con baixos resultados académicos, asociados a problemas de convivencia no centro, sempre que se prevexa esa actuación no programa.
- A implicación das familias, do concello e doutras institucións para o desenvolvemento do programa.
- O nivel de apoio do Claustro e do Consello Escolar na aprobación do programa.
- A participación do centro nos plans de autoavaliación e mellora da calidade na educación.
- A participación do centro en programas ou proxectos de innovación nos últimos tres anos.
- A participación do centro nos contratos-programa, con avaliación positiva por parte da comisión de seguimento.

## Resolución da convocatoria.

- A comisión de selección concreta os centros os aspectos necesarios para que sexan viables os programas.
- A comisión de selección fai pública a resolución provisoria en [www.edu.xunta.es/web](http://www.edu.xunta.es/web).
- Tras a publicación provisional ábrese un prazo 10 días de reclamacións ou renuncias.
- A resolución definitiva publicase en [www.edu.xunta.es/web](http://www.edu.xunta.es/web) e no *Diario Oficial de Galicia*.

## Formalización do contrato.

Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun programa asinan coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un contrato-programa, onde se recollen as actuacións do programa acordadas entre o centro e a comisión de selección.

## Responsables do seguimento e avaliación do programa:

- O equipo directivo do centro.
- A inspección educativa.
- A Comisión de Seguimiento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

## Certificación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- ✓ Certifícase como actividade de innovación educativa a participación do profesorado nos programas.
- ✓ Recoñécense, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos programas en función dos resultados do seu seguimento e avaliação.

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



Contratos-programa | Consoe Xunta de Galicia

www.edu.xunta.es/web/innovacion/63/133/220/627

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

1 idea  
2 avanza  
3

Innovación educativa

A CONSELLERÍA NUN CLIC INFORMACIÓN E SERVIZOS ENSINANZA TEMA Buscar Buscar

Encontre a súa información... Familias Alumnado Profesorado Centros

Profesorado

- Recursos
- Ferramentas
- Proxectos
- Programas e plans
  - ConSELLERÍA de Cultura, Educación e O.U.
    - Plan Proxecta
  - Contratos-programa
  - Plan Galego de Lingua Estrangeira
  - Proxecto Abalar
  - Outras entidades
  - Premios
  - Formación

Contratos-programa

INICIO QUE SÓN? ACTUACIONES FORMACIÓN E RECURSOS DESTINATARIOS

PREGUNTAS FRECUENTES DOCUMENTACIÓN LIGAZÓNS CONTACTO

Os centros educativos, para lograr a equidade e a excelencia na educación, deben desenvolver as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias e, para iso, teñen que organizarse de xeito diferenciado, planificando os seus recursos e desenvolvendo as actuacions necesarias para o logro dun obxectivo concreto nun período de tempo determinado.

A convocatoria 2014/15 de contratos-programa pretende adaptar as diferentes liñas de traballo ás novidades introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e pretende potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia matemática, así como a mellora da convivencia nos centros e o logro da excelencia educativa. O fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades e, en definitiva, contribuir á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Xa que logo, preténdese que os centros educativos analicen, por unha banda, as súas fortalezas e debilidades e propoñan medidas específicas de actuación e, por outra, que a Administración educativa proporcione os recursos necesarios para o desenvolvemento de proxectos realistas nos que participe a comunidade educativa e as institucións do contorno.

Esta iniciativa consta de 5 actuacions:

1. Reforzo, orientación e apoio (PROA).

**CP**  
**contratos programa**

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	Nº CENTROS BENEFICIARIOS 12-13	Nº CENTROS BENEFICIARIOS 13-14	Nº CENTROS BENEFICIARIOS 14-15
A CORUÑA	94	112	109
LUGO	31	38	44
OURENSE	35	40	41
PONTEVEDRA	129	143	156
GALICIA	<b>289</b>	<b>333</b>	<b>350</b>

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	ALUMNADO 2012/2013	ALUMNADO 2013/2014	ALUMNADO 2014/2015
A CORUÑA	11.641	15.481	19.180
LUGO	3.839	5.931	6.569
OURENSE	4.335	4.461	6.367
PONTEVEDRA	15.975	18.032	29.029
GALICIA	<b>35.790</b>	<b>43.905</b>	<b>53.485</b>

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	INCREMENTO PROFESORADO						% Incremento respecto de 12-13
	2012/2013		2013/2014		2014/2015		
	Total	Externo	Total	Total	Externo	Total	externo
A CORUÑA	954	17	1.579	1.704	28	78,62%	64,71%
LUGO	286	6	677	690	9	141,26%	50,00%
OURENSE	231	6	421	554	8	139,83%	33,33%
PONTEVEDRA	1.479	36	1.623	2.522	50	70,52%	38,89%
GALICIA	2.950	65	4.300	5.322	95	80,41%	46,15%

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	2014-15	
	Profesorado	Alumnado
Actuación 1	416	7.630
Actuación 2A	1.230	14.832
Actuación 2B	1.093	12.274
Actuación 2C	285	4.337
Actuación 3	1.200	16.420
Actuación 4	690	5.622
Actuación 5	408	
<b>TOTAIS</b>	<b>5.322</b>	<b>53.485</b>

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	INVESTIMENTO		
	2012/2013	2013/2014	2014/2015
A CORUÑA	1.026.446,7	1.375.433,0	828.234,2
LUGO	363.062,7	457.712,9	278.397,5
OURENSE	324.319,9	387.035,2	267.600,5
PONTEVEDRA	1.559.042,4	1.880.265,8	1.170.712,3
GALICIA	<b>3.272.871,7</b>	<b>4.100.446,8</b>	<b>2.544.944,5</b>

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

INCREMENTO TOTAL DE ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS			
	2012/2013	2013/2014	2014/2015
A CORUÑA	143	187	222
LUGO	48	67	84
OURENSE	44	61	90
PONTEVEDRA	182	226	313
GALICIA	417	541	709

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



## Algúns datos

	Mod 1. REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO		
	2012/2013	2013/2014	2014/2015
A CORUÑA	78	91	85
LUGO	28	32	32
OURENSE	33	37	35
PONTEVEDRA	117	134	133
GALICIA	<b>256</b>	<b>294</b>	<b>285</b>

Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo:  
balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



Fomento da innovación educativa nos centros mediante programas ofertados pola  
Xunta de Galicia

## PLAN PROXECTA

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



Resolución do 20 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería, durante o curso escolar 2014/15.

## Fins

- O Plan Proxecta ten como **finalidade principal** integrar as distintas **iniciativas institucionais vinculadas coa educación para favorecer a súa efectividade**.
- Ademais, proporciona un ámbito para traballar os **valores e as competencias clave** nun marco de **innovación educativa**.
- Constitúe **un exemplo de boa práctica** de coordinación e cooperación intrainstitucional do Goberno galego.

## Obxectivos xerais:

- 1.Ofrecerlle á comunidade educativa programas educativos de diferentes ámbitos que fomenten a innovación educativa.**
- 2.Establecer un **marco xeral de colaboración** para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado.
- 3.Fixar uns **criterios metodolóxicos e organizativos comúns** dirixidos á creación de proxectos de innovación que desenvolvan as competencias e os valores.
- 4.Establecer unhas pautas comúns en relación co **recoñecemento do traballo do profesorado nestes proxectos**.
- 5.Ofrecerelles aos centros a posibilidade de integrar dentro da planificación anual e das programacións didácticas aqueles programas que mellor se adapten ás súas características específicas.
- 6.Crear unha **rede de traballo cooperativo e interdisciplinario** que consiga transformar e mellorar a práctica educativa, e que transfira eficazmente as iniciativas innovadoras.

## Eixes e accións do Plan

### 1. Organización

- Sistematizando e actualizando os programas dos distintos organismos.
- Difundindo o plan a toda a comunidade educativa.
- Utilizando ferramentas eficaces de xestión do plan.

### 2. Apoio

- Ofrecéndolle formación ao profesorado.
- Establecendo un sistema de asesoramento e seguimento.

### 3. Avaliación, recoñecemento e transferibilidade

- Recoñecendo a participación no plan como actividade de innovación educativa tras unha avaliación do traballo realizado.
- Realizando unha convocatoria de premios de innovación educativa aos melhores proxectos.
- Difundindo os melhores proxectos a través das canles dixitais da Xunta.

## Liñas estratéxicas

### 1. Desenvolvimento transversal dos valores sociais e cívicos

- A igualdade entre os dous sexos, a solidariedade, a tolerancia, a vida saudable, o respecto polo medio ambiente, o desenvolvimento sustentable, a non discriminación, a resolución pacífica de conflitos ou o consumo responsable, entre outros moitos.


### 2. Desenvolvimento das competencias clave

- As 7 competencias clave.
- As competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar.


### 3. Utilización de estratexias metodolóxicas comúns

- Unha proposta metodolólica baseada en dinámicas activas, cooperativas e centradas na experiencia próxima do alumnado e que leva ao desenvolvimento de valores desde unha posición crítica e autónoma, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.
- As actividades organizaranse conformando un proxecto interdisciplinario.


## Evolución de centros e de proxectos presentados.



## Evolución dos programas educativos participantes



## Proxectos por programas



Curso 2014-2015

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes




## Distribución por consellerías


Institución	Programas	Nº proxectos	Profesorado	Total Institución	
				Centros	Profesorado
<b>XUNTA DE GALICIA</b> PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte	Xogade	132	576		
	Deportivo de Centro	25	121		
	Máis e mellor actividade física	15	51		
	Móvete más	35	243	207	991
<b>XUNTA DE GALICIA</b> VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA Dirección Xeral de Relaciones Exteriores e coa Unión Europea	Cooperación galega: O mundo que queremos			25	
		9		9	25
<b>XUNTA DE GALICIA</b> VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA Secretaría Xeral da Igualdade	Por 365 días de respeito e igualdade	10	70		
	Donas de si	10	45		
	Rapazas emprendedoras nas TIC	6	29	26	144
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	Paisaxe e Sustentabilidade	28	263		
	MeteoEscolas	42	310		
	Protexe o teu medio	1	4		
	Terra	53	205		
	Reciclate con Sogama	13	46		
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR	Ríos	34	183	171	1.011
	Aliméntate ben	98	1.231		
	O monte vivo	10	38		
	Montentérante	4	15	112	1.284
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	Consumópolis	22	64		
	Galicons-net	12	83	34	147
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE SANIDADE	Clases sen fume	34	121		
	Salvavidas	18	58	52	179
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	Quérote+	68	297		
	Parlamento Xove	18	49		
	Rede de centros escolares solidarios	11	69		
	Correspondentes xuvenis 3.0	20	65	117	480
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Secretaría Xeral de Política Lingüística	Nós tamén creamos!	16	62	16	62
<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA <b>CGAI</b> CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE	Cine en curso	4	13		
	Fotografía en curso	7	23	11	36
Totais		755	4.359		

Curso 2014-2015

## Alumnado participante por programa



## Alumnado participante por nível educativo



## Progresión de resultados: Curso 2014-2015

- 1. Consolidación do plan no seu terceiro curso no sistema educativo galego como un dos referentes da innovación mediante traballo por proxectos.**
- 2. Incremento gradual do número de programas ofertados.**

Curso 2012-2013: 18

Curso 2013-2014: 25

Curso 2014-2015: 28

- 3. Continúase coa oferta do plan aos centros públicos e concertados.**
- 4. Optimización do proceso de solicitude.**
- 5. Estabilidade e fidelidade dos centros que participan nos diferentes programas educativos.**
- 6. Mellora da calidade dos proxectos que se están desenvolvendo nos centros.**
- 7. Convocatoria de premios de innovación educativa no marco do Plan**
- 8. Mellora da visualización e da transferibilidade:**

Xornada Plan Proxecta 2015 para 700 docentes

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



Aumento dos espazos web temáticos dos centros educativos participantes (redeiras, blogs, espazos específicos nas webs dos centros, etc.)

The screenshot shows the 'Plan Proxecta' group page on the Redeiras platform. The top navigation bar includes links for Grupos, Blogs, O muro, Actividade, Eventos, Usuarios, Consulta, and Mais. A search bar is also present. The main content area displays the group's description, brief description, tags, blog posts, and pinned items. The sidebar on the right lists various group management options like Actividade do grupo, Blog do grupo, and Marcadores do grupo.

**Descripción:**  
O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos da administración autonómica dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores. Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidad educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que levan á motivación e ao traballo activo e cooperativo do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, o obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante proxectos que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega, dándolle difusión en medios dixitais da Consellería como Redeiras e o espazo web de Innovación Educativa.

**Descripción breve:** Fomento da innovación educativa nos centros mediante programas externos que impulsen proxectos dirixidos ao desenvolvemento das competencias e da educación en valores mediante metodoloxías activas e cooperativas

**Etiquetas:**  
plan proxecta, innovación educativa, competencias básicas, educación en valores, traballo por proxectos, traballo cooperativo

**Blog do grupo**  
Como replicar en Redeiras o publicado nun blog, unha aula virtual ou calquera espazo dixital  
Por Alberto Sacido Romero hai 46 días  
Plan Proxecta, Publicación en Redeiras, Titorial  
Titorial para facilitar a publicación paralelamente en dous espazos dixitais

**Marcadores do grupo**  
Curso masivo abierto en rede (MOOC) sobre "Aprendizaxe baseado en proxecto (ABP) para o...  
Por Julita Taboada Martínez ante Comentarios (1)  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

**Publicación dos proxectos premiados nas boas prácticas de innovación educativa 2013**  
Por Julita Taboada Martínez ante  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) - Preténdese dar publicidade a aquelas boas prácticas innovadoras premiadas que se

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



Continúase coa publicación dos melhores proxectos na sección específica do Plan Proxecta en [Eduga](#), Revista Galega do Ensino

Número: 68 / xullo - decembro 2014

A revista | Colabora | Editorial | Hemeroteca | Mapa do portal | Accesibilidade

**eduga** Revista Galega do Ensino

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas | Formación | Opinión | Innovación | Entrevista | Experiencias | Investigación | A nosa escola

Inicio > Plan Proxecta

## Plan Proxecta

### Innovación

Coñecemos o noso contorno a través da actividade física  
Experiencia didáctica realizada no CEIP San Benito de Lérez (Pontevedra) durante o curso 2012-2013 no marco do Programa Mais e Mellor Actividade Física.

"Monferosolidario": educando en valores a unha nova xeración disposta ao cambio  
Unha iniciativa solidaria posta en marcha no CPI Virxe da Cela de Monfero da Coruña (Programa Rede CES)

# Seminário "Abandono escolar e (in)sucesso educativo: balanço e perspetivas 2014-2020"

21 de Abril de 2015 | Teatro Diogo Bernardes



www.edu.xunta.es/web/planproxecta

Más visitados Kronos

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Accesibilidade Mapa do portal

familias  
alumnado  
profesorado  
centros  
empresas

A CONSELLERÍA NUN CLIC INFORMACIÓN E SERVIZOS ENSINANZA TEMA Buscar

Plan Proxecta

Plan Proxecta

INICIO QUE É? PROGRAMAS FORMACIÓN RECURSOS

PREGUNTAS FRECUENTES DOCUMENTACIÓN LIGAZÓN CONTACTO

Listaxe de profesorado avaliado positivamente pola súa participación no Plan Proxecta 2013/2014

O listado do profesorado que recibirán certificación de innovación educativa pola súa participación nos distintos programas educativos do Plan Proxecta 2013/2014 é:

- Cooperación galega: O mundo que queremos
- Galicons-net
- Por 365 días de respeito e igualdade
- Reciclate con Sogama
- Terra
- MeteoEscolas
- O monte vivo
- Nós tamén creamos!
- Quérote+
- Salvavidas
- Cine en curso
- Montentérate
- Deportivo de centro
- Consumópolis
- Donas de si
- Aliménta-T ben
- Sustentabilidade e Paisaxe

### A modo de conclusóns:

1. O Plan Proxecta está consolidándose como **referente da innovación educativa** mediante proxectos nos centros nos que se traballa de forma paralela a educación en valores e as competencias . Participación:  
33% dos centros de Galicia  
30% do alumnado galego  
12% do profesorado
2. Estase **consolidando o marco xeral de colaboración** entre os organismos para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado e eficaz. **7 consellerías implicadas, ademais da Presidencia, en 28 programas.**
3. Estase conseguindo que **os programas melloren a súa presenza e efectividade no sistema educativo** ao tempo que **axudan a introducir innovacións metodolóxicas e a mellorar a práctica educativa** de xeito plenamente curricular.

## A modo de conclusóns:

4. Avánzase considerablemente no **recoñecemento e visibilidade do traballo do profesorado**, que se está esforzando por levar a innovación educativa ás súas aulas e aos seus centros, como así o demostra tanto o recoñecemento dos proxectos realizados, tanto a nivel autonómico como nacional.

### 5. Recoñecementos nacionais:

Premio de Alfabetización Audiovisual do MECD e o ICAA (CEIP A Rúa, Cangas)

Premio Nacional de Educación (IES Francisco Daviña Rey, Monforte e CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal)

6. Estase **conseguindo unha rede de traballo cooperativo a través dos medios dixitais** que impulsa a colaboración entre todos os axentes implicados no plan.